

Moira e a ciencia



Por que non investigamos máis sobre o tema? Xa sabemos que a duración do xiro dun planeta sobre si mesmo é o que chamamos día, e o tempo que tarda en dar a volta un planeta arredor do Sol é o que chamamos ano.

Credes que un día dura o mesmo en calquera planeta?



Imos descubrir cantos anos terías, se vivises noutro planeta.

Primeiro temos que saber os días que tes na Terra. Ímolo calcular.


O cálculo que imos facer é aproximado e non ten en conta os anos bisestos, se queremos telos en conta sería preciso multiplicar a nosa idade por 365.26

Cantos anos tes ... na Terra?

Pois iso, anota primeiro os anos que tes.



Colle ese número e multiplícao por 365, que son o número de días dun ano e así saberemos o número de días que tiñas o día do teu último aniversario



Agora imos calcular cantos anos terías noutro planeta. Podes axudarte da táboa da páxina seguinte.

Escolle un planeta e divide o teu número de días pola duración do seu ano en días terrestres, o resultado sería o número de anos que terías nese planeta, sorprendente, non?



Planeta	Duración do ano (en días terrestres)
Mercurio	87.969
Venus	224.7
Marte	686.98
Xúpiter	4330.6
Saturno	10747
Urano	30588
Neptuno	59800

Serías quen de calcular a túa idade o día de hoxe?
Se queres intentalo, seguramente servirache de axuda saber o número de días que ten cada mes.

Xa sei que preferirías
vivir en Venus, pero
creo que alí non son
maiores de idade até
os 30 anos





Mes	Días
Xaneiro	31
Febreiro	28
Marzo	31
Abril	30
Maio	31
Xuño	30
Xullo	31
Agosto	31
Setembro	30
Outubro	31
Novembro	30
Decembro	31